





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5053**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“a valoración do impacto que vai ter para as familias afectadas o establecemento dun novo copago para o servizo de comedor escolar”**, (publicada no BOPG número 73, do 20 de marzo de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2013 (BOPG número 140, do 19 de xuño de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 5050 e publicada no BOPG número 84 , de data 10/04/2013; á que nos remitimos.

Asemade, podemos engadir que o Diario Oficial de Galicia (DOG) xa publicou, con data do 13 de agosto de 2013, o *Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*


A Consellería co novo decreto vén establecer un sistema de comedores máis solidario e xusto, no cal os que máis teñen contribúen a blindar a gratuidade para as familias máis desfavorecidas. Ademais, poderase ampliar a rede de comedores xestionados pola Xunta, de modo que en dúas lexislaturas a Consellería terá incrementado en máis de 18.000 o número de prazas, das cales 11.000 serán gratuítas noutras 2.000 só haberá que pagar un euro por menú. Desta forma, estímase que o 70% dos usuarios terá o servizo gratis ou pagando tan só un euro por menú.

O novo decreto corrixe así o copagamento establecido en 2007 polo Goberno bipartito, que baseaba case a totalidade da gratuidade do servizo no feito de ser alumno usuario do transporte escolar, permitindo que se producisen situacións en que familias con rendas altas gozasen do servizo sen pagar nada se os seus fillos utilizan o bus.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia